

## Limiar

**Xabier Cordal**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

CORDAL, XABIER (2011 [2005]). “Limiar”. En María do Cebreiro, *O barrio das chinasas*. Santiago: Editorial Compostela [sen paxinar]. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1193>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2005). “Limiar”. En María do Cebreiro, *O barrio das chinasas*. Santiago: Editorial Compostela [sen paxinar].

\* Edición dispoñíbel desde o 20 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## LIMIAR

[AO LIBRO DE MARÍA DO CEBREIRO *O BARRIO DAS CHINESAS*, 2005]

### Xabier Cordal

Algúns xa marcháramos do sanedrín da colección de poesía de Xerais antes de aló publicar María do Cebreiro a obra prima. Cando así e todo chegou ás nosas mans, e salvando o empeño mentalista e riquiño onde nos levaba, en carro de enciclopedia, había que ser ben feto para non detectar nela o cuarto crecente dunha das máis grandes figuras do humanismo galego do século XXI.

A poeta, sen apelidos, vai diante da doutora. Demostrouno *Non queres que o poema te coñeza*, título para o que se cadra veña hoxe ao caso usar o zoom e sinalar nel a acusación contra a parálise literaria, o cinismo político e o disimulo da vida. Boa parte deste *O barrio das chinesas*, cronoloxicamente anterior, é a segunda proba. En tempo record (record: gravación) a poeta soubo arrombar cos textos xuvenís e enganhou o carro, máis profundo e sabedor, na tradición lírica de ruptura (este país tan estraño vive as rupturas ao xeito de fundacións: Rosalía, Xohana). E formula varias teses, invencibles e pequenas coma a auga.

*O barrio das chinesas* desafía a orde natural, isto é, a regra esotérica do patriarcado, que prescribía someter o corazón con mantas peludas ou metáforas de látex. Manuel Antonio, ese extraordinario orfo viril, era gardián da lúa, moi mal lle parecía. Nesta obra de María do Cebreiro –que non perde o talento musical mesmo cando xoga a deixar as galdrapas do verso ao aire– evidéncianse a cercanía, a perda, a crónica burguesa, o relato amoroso, tal un abrigo do revés, suaves ao tacto. É a primeira mirada. O libro ten aspecto de feixe de homenaxes literarias e íntimas, episodios cosidos e bordados na memoria con outros materiais, fasquía casual. Pero en María do Cebreiro nin sequera o nome é casual.

Porque descubrimos as pugas interiores, a resolución abrupta do texto e xa é tarde. Tiñamos esvarado confiadamente por poemas, os mellores, ácidos coma plantas carnívoras. A sensibilidade da poeta é voraz. Mesmo algún poema que ides ver, seica de xorne inxenno, implica reivindicación. Quere a autora que estean aí, que resistan na súa presenza imperfecta porque “hai cousas máis importantes que a poesía”. Atravesarían logo o Tempo dos Homes, de Safo a Woolf, e agora parecen berrar en Seattle, igual ca no marzo compostelán. O afecto é un programa político. E as chinesas, se non son cyborgs, que son?

Coa máxima prudencia eu dígovos que, interesándome moito as teses da profesora Rábade Villar, poño a man no lume a que a María do Cebreiro superou a precocidade, a intelixencia, a dixestión erudita de anciáns e modernos e todas esas cousas que dela se exaltan, sempre con boa intención. Isto é poesía. Descreo aquí dunha selección de versos felices á maneira de tráiler ou proba do nove (novelo). Faltaría espazo e sería, máis ca nunca, o boquexar dos peixes cando se retorcen fóra da auga. Non se dá citado o silencio, nin a atmosfera acuática, e ao fin distinguimos ben calquera mestre polos espazos en

branco que nela nacen. Cara aí progresa a autora con pulso seguro. Esta obra excepcional está feita aínda de xuízos, nomes que se dedican, palabras que se bifurcan. Hai pregues secretos, unha nación abandonada e as manciñas do caos asomando entre as reixas das portas de Ulfe. Cóidate de entrar docilmente n' *O barrio das chinasas*, libro para o día. Describe con ollos claros, interroga, recompón. Se aprendemos a botarlle aire cálido da nosa boca, como se fose un cristal, a súa lucidez abre por dentro. E a ciencia de sentir de María do Cebreiro, intensa e enorme.